



**DIPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES
Convocatoria: FO216/2024
Expediente: 2023000035302**

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS MUSEÍSTICOS (MUSEOS, COLECCIÓN MUSEOGRÁFICAS OU CENTROS DE INTERPRETACIÓN), DURANTE O ANO 2024

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante acordo da xunta de goberno de data 6 de outubro de 2023, foron aprobadas as Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2024.

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras do programa foron publicadas no BOP número 194, do 10 de outubro de 2023.

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2024, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por acordo da xunta de goberno de data 6 de outubro de 2023.

Segundo. O Programa rexerase polas citadas Bases reguladoras, publicadas no BOP número 194, do 10 de outubro de 2023, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/10/10/2023_0000008009.pdf e pola Ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP número 150, do 10 de agosto do 2021, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf

Terceiro. O prazo de solicitude iniciárase ás **08:00 horas do día 20 de outubro de 2023, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2023**, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do Programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

Cuarto. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema

Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2024 (FO216/2024), cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán participar neste programa as entidades locais da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes, xestoras de museos e/ou centros museísticos de carácter permanente depositarias de bens móbeis, obxectos ou testemuños de valor histórico, arqueolóxico, artístico, etnográfico, científico ou técnico de interese local, que é importante divulgar e protexer.

Cada entidade local poderá presentar unha solicitude por cada museo ou centro museístico

Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a financiar os gastos de persoal técnico de museos e centros museísticos.

Neste programa subvencionaranse:

Os postos de traballo de natureza estrutural, que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo e, no caso de estar desempeñados por persoal con vinculación temporal, que teñan iniciado o proceso de estabilización de emprego regulado na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

No caso de tratarse de postos de natureza non estrutural, as relacións de emprego que estableza a entidade, sempre que se axusten á lexislación vixente en materia laboral ou funcional.

Terceiro. Bases reguladoras

O Programa rexerase polas Bases reguladoras do programa, que foron publicadas no BOP número 194, do 10 de outubro de 2023, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/10/10/2023_0000008009.pdf e pola Ordenanza

xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP número 150, do 10 de agosto do 2021, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 400.000 €, con cargo á partida 0612/3331/46201 do Orzamento ordinario para 2024.

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes son os establecidos na base específica 7 das Bases reguladoras do programa.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ás **08:00 horas do día 20 de outubro de 2023**, e finalizará ás **14:00 horas do día 21 de novembro de 2023**.

Sétimo. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 30 de maio de 2025 ás 14:00 horas.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

ANEXO EN CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) e 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del Programa de subvenciones a ayuntamientos y entidades locales para financiar gastos de personal técnico para la atención de museos y centros museísticos (museos, colecciones museográficas o centros de interpretación), durante el año 2024, (FO216/2024), cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

Podrán participar en este programa las entidades locales de la provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes, managers de museos y/o centros museísticos de carácter permanente depositarias de bien muebles, objetos o testimonios de valor histórico, arqueológico, artístico, etnográfico, científico o técnico de interés local, que es importante divulgar y proteger.

Cada entidad local podrá presentar una solicitud por cada museo o centro museístico

Segundo. Objeto

El objeto del programa es financiar gastos de personal técnico de museos y centros museísticos.

En este programa se subvencionarán:

Los puestos de trabajo de naturaleza estructural, que estén desempeñados por personal funcionario o laboral fijo y, en el caso de estar desempeñados por personal con vinculación temporal, que hayan iniciado el proceso de estabilización de empleo regulado en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público.

En el caso de tratarse de puestos de naturaleza no estructural, las relaciones de empleo que establezca la entidad, siempre que se ajusten a la legislación vigente en materia laboral o funcionarial.

Cada entidad local podrá presentar una solicitud por cada museo o centro museístico.

Tercero. Bases reguladoras

El programa se regirá por las Bases reguladoras que fueron publicadas en el BOP número 194, del 10 de octubre de 2023, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/10/10/2023_0000008009.pdf y por la Ordenanza general de subvenciones y transferencias publicada en el BOP número 150, del 10 de agosto de 2021, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 400.000 €, con cargo a la partida 0612/3331/46201 del Presupuesto ordinario para 2024.

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración de las solicitudes son los establecidos en la base específica 7 de las Bases reguladoras del programa.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a las **08:00 horas del día 20 de octubre de 2023, y finalizará a las 14:00 horas del día 21 de noviembre de 2023.**

Séptimo. Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las subvenciones finalizará el día 30 de mayo de 2025 a las 14:00 horas.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>